

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 28 de outubro de 2010

Hora: 12:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Juan M. Lema Rodicio

María José Carreira Nouche

M^a Teresa Moreira Vilar

David López Vilariño

M^a Carmen Palacios

Puntos a tratar:

1. Planificación Plurianual de Centro
2. Rolda aberta

1. A Responsable de Calidade do Centro (RCC), María José Carreira informa que o día 4 de novembro é a data límite para remitir á Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade a Planificación plurianual do Centro. Presenta tal e como figura no Anexo I o procedemento a seguir para a elaboración deste documento e documentos previos a utilizar na súa elaboración: Política de calidade do Centro e Plano Estratéxico do Centro. Estes dous últimos documentos, aínda que en outro formato, son os que se definiron na reunión no Centro de Estudos Avanzados e se aprobaron en Xunta de Escola como Planificación Estratéxica 2009-2012.

A continuación, partindo do Plan de Acción de 2010 aprobado pola Comisión na súa reunión de 17 de febreiro de 2010 e das memorias das titulacións impartidas no centro dispoñibles (Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Enxeñaría Química), se discute, elabora e aproba a proposta de Planificación Purianual do Centro (2009-2012) tal e como figura no Anexo II. Nela se engade dentro do Eixe II. Xestión eficiente da Escola un novo obxectivo, II.7 Plan Integral de Seguridade do Centro, cunha serie de accións a realizar, entre elas o nomeamento como Coordinadora do Plan de Seguridade da profesora dona Isabel Vidal Tato. Asemade incorpóranse diferentes accións de mellora procedentes das propostas incluídas nas memorias de titulación.

Péchase a reunión ás 13.00 h.

Anexo 1. Presentación dos procedementos de elaboración da Planificación plurianual do Centro e documentos previos.

Anexo 2. Planificación plurianual do centro. 2009-2012.